



Concello
de Vilalba



I TORNEO CONCELLO DE VILALBA

Este Torneo está encadrado dentro do Circuito Galego da FGTM

DATAS

2 e 3 de xaneiro de 2016.

HORARIOS

De 9,30/14,00 horas e de 16,00/21,00 horas en función da inscrición ó torneo poderase xogar de forma ininterrompida.

LOCAL DE XOGO

Pavillón Polideportivo Municipal – Campo da Feira.

PROBAS A DISPUTAR

Sábado:

- Benxamín Masculino e Feminino, nados a partir do ano 2005
- Alevín Masculino e Feminino, anos 2003 e 2004
- Infantil Masculino e Feminino, anos 2001 e 2002
- Xuvenil Masculino e Feminino, anos 1998, 1999 e 2000
- Sub 23 Masculino e Feminino, entre os anos 1993 e 1997
- Sénior Masculino e Feminino, entre os anos 1977 e 1992
- Veteranos de máis de 40 anos, entre 1967 e 1976
- Veteranos de máis de 50 anos, entre 1957 e 1966
- Veteranos de máis de 60 anos, 1956 e anteriores
- Veteranas, 1976 e anteriores

Domingo:

- Absoluto Masculino e Feminino
- Discapacitados Físicos: en Cadeiras de Rodas
- Xogadores de Pé
- Discapacitados Intelectuais

PARTICIPACIÓN

Libre en cada unha das probas.

Para poder celebrar unha proba terá que haber unha inscrición mínima de oito participantes, no caso contrario, encadraríanse na inmediata superior.



Concello
de Vilaíba



SISTEMA DE XOGO

En todas as categorías haberá dúas fases:

1. A primeira fase será clasificatoria por grupos, sempre que as inscricións o permitan.
2. A fase final será por eliminatoria directa.

ARBITRAXES

Arbitrarán os/as propio/as xogadores/as, a negativa a arbitrar poderá carrear sancións disciplinarias por parte da FGTM.

INSCRIPCIÓNS

Os clubs galegos interesados en participar deberán cubrir o formulario dispoñible na páxina web da Federación Galega de Tenis de Mesa <http://formularios.fgtm.es/>.

Os clubs de fóra de Galicia poderán inscribirse no seguinte correo: lasencasas@hotmail.com, incluíndo de cada xogador inscrito: nome e apelidos, data de nacemento, número de licenza e club ao que pertencen.

A data límite para a recepción de inscricións finaliza ás 14,00 horas do 19 de decembro de 2015.

TROFEOS

Entregaranse trofeos ós catro primeiro/as clasificado/as de cada proba.

NOTAS

O Xuíz Árbitro de acordo co Comité de Organización deste torneo poderá facer os cambios que considere oportunos tendo en conta as altas ou baixas que se poidan producir. No mesmo día un xogador só poderá participar na súa categoría ou nunha superior a súa elección.

A participación neste torneo implica a aceptación de todo o exposto anteriormente.